

MESA SECTORIAL: VARIOS

Santiago, 13 de abril de 2021

Na reunión da **Mesa Sectorial de Educación** celebrada no día de hoxe, no punto de varios preguntamos o seguinte:

1. Cando se cerran os tribunais das oposicións?

O sorteo de tribunais celebrarase o 29 de abril. A partir desa data farase pública a composición dos tribunais.

2. Recibimos reiteradas preguntas sobre vacinación:

- Non se está a chamar aos xubilados docentes de Muface.
- Cando e que vacina lle administrarán a todos os docentes que non recibiron ningunha dose independentemente do rango de idade?

Solicitamos unha reunión coa Directora Xeral de Saúde Pública para saber que se fará co persoal que recibiu a primeira dose de AstraZeneca, as incidencias, etc...

Están pendentes da información que proporcione o Ministerio. Nos informarán de calquera novidade no asunto.

3. Lamentamos a denegación de licenzas por asuntos propios e redución de xornada nas diferentes especialidades de PES, ademais de Orientación, PT e francés do corpo de Mestres.

A Administración responde que non se cubren as prazas nas listaxes. Informan de que se admitirá, nalgún caso concreto, a solicitude de licenzas e reducións de xornada.

4. Os participantes no curso de desenvolvemento da función directora que rematou o pasado mes de marzo, terán que presentar certificación para ser candidato ou candidata a dirección?.

De non telo todavía, ou non aparecerlle, deberán solicitalo á Consellería.

5. Solicitamos saber para cando sairá en vigor a Orde que desenvolve o Decreto 229/2011 de atención á diversidade. Queremos poder informar aos nos afiliados e afiliadas participantes no concurso-oposición.

A administración lembra que o Decreto non é lexislación nova e que esta Orde que o desenvolve inclúe só algunhas modificacións. Insisten en que o seu contido terá que ser considerado para realización do concurso-oposición se entra en vigor antes da data das probas.

6. Manifestamos a nosa disconformidade coa recente comparecencia por citación na inspección de traballo feita ó COMITÉ DE SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL da Consellería de Educación, na que pola parte sindical só se pedía a asistencia de dúas organizacións sindicais. Tendo en conta a representación sindical deste comité, non entendemos por que non se convocaron a todos os sindicatos.